



CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

## PRORROGA (3ª) DO CONTRATO DE ALUGUEIRO DE INMOBLE PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ

No día da data da sinatura dixital do presente, 30 de outubro de 2024, e a efectos da formalización da prórroga do contrato de alugueiro de inmoible para a prestación do servizo de atención temperá, INTERVEÑEN

Dunha parte **D. LUCÍA CALVO DE LA UZ**, con DNI **44427203 N** alcaldesa do Concello de Teo, na representación legal que lle confire o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, asistido da Secretaria do Concello, D.ª Virginia Fraga Díaz.

Doutra **D. ANTONIO QUINTEIRO CANEDO**, maior de idade, veciño de Boqueixón, con domicilio na **Rúa Pedralta 6, Cusanca, Lestedo, CP 1588**, e con DNI **33258634 J** en nome e representación, como administrador único, da sociedade PATRIMONIAL FERANPE S.L.U., con CIF B 15838642, titular do ben inmoible con referencia catastral 3524701NH3432S0001SP, como se acredita na escritura pública de compravenda, do 26 de decembro de 2007, e na nota simple do Rexistro da Propiedade de Padrón.

Ambas partes recoñécense con competencia e capacidade, respectivamente, para obrigarse e formalizar a presente prórroga do contrato de alugueiro asinado o 4 de xaneiro de 2022, de acordo cos seguintes

### ANTECEDENTES

1.- Con data de 11 de outubro de 2021 asinouse entre o Concello de Teo e o Concello de Ames o “CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A XESTIÓN COMPARTIDA-AGRUPACIÓN DE CONCELLOS DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ NO MARCO DA REDE GALEGA (Decreto 183/2003, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá)”, Convenio cuxa vixencia se estende actualmente dende 1



de novembro de 2022 ata o 31 de outubro de 2025, en virtude do acordado polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria do 28 de setembro de 2022, e do Decreto da Alcaldía do 30 de novembro de 2022 (exped. 2022/G003/001641), ratificado polo Pleno da Corporación o 28 de decembro de 2022.

2.- Na actualidade estanse a realizar as xestións para proceder á sinatura dun novo convenio que dea cobertura ao período comprendido entre o 1 de novembro de 2024 a 31 de outubro de 2026, a fin de cumprir coas obrigas establecida na “Orde do 27 de xuño de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá nos anos 2024 a 2026, cofinanciada pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027” (DOG nº 132 do 9 de xullo de 2024), en virtude da cal se presentou o pasado 7 de agosto de 2024 unha nova solicitude conxunta para prestar o Servizo de Atención Temperá nos Concellos de Teo e Ames, que vén de resolverse favorablemente segundo a Resolución do 16 de outubro de 2024, da Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade (publicada no DOG nº 208 do 28 de outubro de 2024).

3.- Tras a tramitación do correspondente expediente, mediante Decreto da Alcaldía do 29 de decembro de 2021 (res. 1456/2021), resolveuse alugar a Patrimonial Feranpe S.L., con CIF B15838642, o inmovible sito en As Galanas nº 67, 1ª planta, para a prestación do servizo de atención temperá, de acordo co Prego de condicións aprobado mediante Resolución da Alcaldía do 20 de decembro de 2021, polo prezo mensual de mil catrocentos cincuenta e tres euros con vinte e un céntimos de euro (1.453,21€), formalizándose en documento administrativo o 4 de xaneiro de 2022.

4.- Segundo o previsto na cláusula 9 do Prego de condicións e na cláusula terceira do contrato de alugueiro de inmovible para a prestación do servizo de atención temperá, o prazo de duración do contrato será de once meses, a contar dende o día seguinte ao da formalización do contrato en documento administrativo, rematando en todo caso o 31 de



outubro de 2022, podendo prorrogarse por acordo expreso entre ambas partes. En virtude do exposto, mediante Decreto da Alcaldía do 31 de outubro de 2022, prorrogouse o alugueiro do inmovible, formalizándose esta primeira prórroga o mesmo día, estendéndose a prórroga dende o 1 de novembro de 2022 ata 31 de outubro de 2023. A segunda prórroga foi efectuada en mediante Decreto da Alcaldía do 27 de outubro de 2023, formalizándose esta segunda prórroga o 31 de outubro de 2023, estendéndose a mesma dende o 1 de novembro de 2023 ata o 31 de outubro de 2024.

5.- De acordo co exposto e á vista da proposta do concelleiro de servizos sociais, do 19 de setembro de 2024, mediante Providencia desta Alcaldía, da mesma data, iniciase o expediente para a prórroga do alugueiro por período de dous anos, incorporándose ao mesmo, con data de 9 de outubro de 2024, o certificado da interventora municipal sobre a existencia de consignación axeitada e suficiente, por importe de 2.906,42 €, para a anualidade 2024.

6.- Con data de 8 de outubro de 2024 incorporouse ao expediente o informe proposta da coordinadora dos Servizos Sociais do Concello de Teo, sobre a conveniencia de manter a localización actual para a debida prestación do servizo de atención temperá.

7.- En atención ao requirido por esta Alcaldía, con data de 9 de outubro de 2024 (rex. saída nº 202300000002248), Patrimonial Feranpe S.L.U presenta escrito poñendo de manifesto a súa vontade de prorrogar o contrato de alugueiro do inmovible, asinado o 4 de xaneiro de 2022, nas mesmas condicións que no citado contrato (rex. entrada nº 20249990003126, do 10/10/2024).

8.- Fiscalizado o expediente pola Intervención municipal con data do 24 de outubro de 2024, mediante Decreto da Alcaldía do 29 de outubro de 2024 (res. 1343/2024), resolveuse prorrogar por dous anos o alugueiro concertado con Patrimonial Feranpe S.L.U., con CIF B15838642, do inmovible sito en As Galanas nº 67, 1ª planta, para a prestación do servizo de atención temperá, de acordo co Prego de condicións aprobado



## CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

mediante Resolución da Alcaldía de 20 de decembro de 2021, polo prezo mensual de mil catrocentos cincuenta e tres euros con vinte e un céntimos de euro (1.453,21€), quedando condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente para a anualidade 2025 e 2026. Incorporárase como anexo ao presente certificado do citado Decreto.

De acordo co exposto, ambas partes asinan o presente documento de formalización da prórroga do contrato de alugueiro conforme ás seguintes:

### CLÁUSULAS

**Primeira.**- Prorrogar por dous anos o CONTRATO DE ALUGUEIRO DE INMOBLE PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ asinado entre o Concello de Teo e PATRIMONIAL FERANPE S.L.U, do 4 de xaneiro de 2022, dende o 1 de novembro de 2024 ata o 31 de outubro de 2026, quedando condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente para a anualidade 2025 e 2026.

**Segunda.**- O resto das cláusulas do contrato, asinado o 4 de xaneiro de 2022, permanecen inalterables, manténdose vixente na súa totalidade.

Lido este documento e en proba da súa conformidade, asinan dixitalmente ámbalas dúas partes, do que, como secretaria, dou fe.

A alcaldesa

O titular do ben inmoible

Lucía Calvo de la Uz

Antonio Quinteiro Canedo

A secretaria

Virginia Fraga Díaz



D<sup>a</sup> VIRGINIA FRAGA DÍAZ SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

**CERTIFICA:**

Que a Sra. alcaldesa, con data de 29 de outubro de 2024 , ditou a seguinte

**RESOLUCIÓN :**

**RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

**ASUNTO:** Prorroga alugueiro inmovible para a prestación do servizo de atención temperá. Exped. 2024/X999/000566.

**EXPEDIENTE:** 2024/G003/001380

Considerando que na actualidade está vixente a prórroga do CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A XESTIÓN COMPARTIDA-AGRUPACIÓN DE CONCELLOS DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ NO MARCO DA REDE GALEGA asinado o 11 de outubro de 2021, aprobada polo Decreto da Alcaldía do Concello de Teo do 30 de novembro de 2022 (Res. 1569/2022), ratificado no Pleno do 30 de novembro de 2022, e polo Decreto da Alcaldía do Concello de Ames do 30 de novembro de 2022, ratificado no Pleno do 29 de setembro de 2022 (Res. 3042/2022), a cal finaliza o 31 de outubro de 2024.

Considerando que o pasado 7 de agosto de 2024 presentouse solicitude no marco da “Orde do 27 de xuño de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá nos anos 2024 a 2026, cofinanciada pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027” (DOG nº 132 do 9 de xullo de 2024), conforme ao acordado no Decreto do 5 de agosto de 2024 da Alcaldía do Concello de Teo (Res. 968/2024), polo cal se resolve solicitar subvención para o Servizo de Atención Temperá de Teo e Ames para o período 1 de novembro de 2024 a 31 de outubro de 2026, establecéndose, así mesmo, o compromiso de asinar un novo convenio de colaboración para a xestión compartida do servizo no



período referido. Todo isto en concordancia co aprobado mediante o Decreto do 2 de agosto de 2024 da Alcaldía do Concello de Ames (Res. 2444/2024). Estándose na actualidade a realizar as xestións para proceder á sinatura deste novo convenio.

Considerando que, tras a tramitación do correspondente expediente de alugueiro de inmovible, mediante Decreto da Alcaldía de 29 de decembro de 2021 (Res. 1456/2021), resolveuse alugar a Patrimonial Feranpe S.L., con CIF B15838642, o inmovible sito en As Galanas nº 67, 1ª planta para a prestación do servizo de atención temperá, de acordo co Prego de condicións aprobado mediante Resolución da Alcaldía de 20 de decembro de 2021, polo prezo mensual de mil catrocentos cincuenta e tres euros con vinte e un céntimos de euro (1.453,21€), formalizándose en documento administrativo o 4 de xaneiro de 2022.

Considerando que segundo o previsto na cláusula 9 do Prego de condicións e na cláusula terceira do contrato de alugueiro de inmovible para a prestación do servizo de atención temperá, o prazo de duración do contrato será de once meses, a contar dende o día seguinte ao da formalización do contrato en documento administrativo, rematando en todo caso o 31 de outubro de 2022, podendo prorrogarse por acordo expreso entre ambas partes.

Considerando que, en virtude do exposto, mediante Decreto da Alcaldía do 31 de outubro de 2022 (Res.1387/2022), prorrogouse o alugueiro do inmovible, formalizándose a primeira prórroga o mesmo día, estendéndose esta dende o 1 de novembro de 2022 ata 31 de outubro de 2023.

Considerando que, en virtude do exposto, mediante Decreto da Alcaldía do 27 de outubro de 2023 (Res.1239/2023), prorrogouse o alugueiro ao que se refire o presente, formalizándose a segunda prórroga o 31 de outubro de 2023, estendéndose a mesma dende o 1 de novembro de 2023 ata o 31 de outubro de 2024.

De acordo co exposto e á vista da proposta do concelleiro de servizos sociais, do 19 de setembro de 2024 pola que se insta a unha nova prórroga neste ocasión por período de



dous anos, mediante Providencia desta Alcaldía, da mesma data, iniciase o expediente para a prórroga do alugueiro, incorporándose ao mesmo, con data de 9 de outubro de 2024, o certificado da interventora municipal sobre a existencia de consignación axeitada e suficiente, por importe de 2.906,42 €, para a anualidade 2024.

Visto o informe proposta da coordinadora dos Servizos Sociais do Concello de Teo, de 8 de outubro de 2024, sobre a conveniencia de manter a localización actual para a debida prestación do servizo de atención temperá.

Visto o escrito de Patrimonial Feranpe S.L.U. no que pon de manifesto a súa vontade de prorrogar o contrato de alugueiro do inmovible, asinado o 10 de outubro de 2024, nas mesmas condicións que no citado contrato (rex. entrada nº 20249990003126, do 10/10/2024).

Visto o informe de fiscalización da interventora municipal, do 25 de outubro de 2024, incorporado ao expediente.

En virtude do exposto, sendo competencia desta Alcaldía a adopción deste acordo e en virtude das atribucións que me confire a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP),

#### **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Prorrogar por dous anos o alugueiro concertado con Patrimonial Feranpe S.L.U., con CIF B15838642, do inmovible sito en As Galanas nº 67, 1ª planta, para a prestación do servizo de atención temperá, de acordo co Prego de condicións aprobado mediante Resolución da Alcaldía de 20 de decembro de 2021, polo prezo mensual de mil catrocentos cincuenta e tres euros con vinte e un céntimos de euro (1.453,21€), quedando condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente para as anualidades 2025 e 2026.

**Segundo.-** De acordo co previsto no Prego de condicións o prezo aboarase por meses vencidos, previa presentación do recibo da mensualidade por parte do arrendador.



**Terceiro.-** A formalización da prórroga do alugueiro do inmovible terá lugar en documento administrativo, dentro dos cinco días hábiles seguintes a contar dende a data de notificación do presente.

**Cuarto.-** Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recurso procedentes.

**Quinto.-** Facer público o contido da presente na web municipal e dar traslado aos departamentos de Tesourería, Intervención e Servizos Sociais, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**Sexto.-** Dar conta ao Pleno do Concello na vindeira sesión ordinaria que celebre.

---

E para que así conste, expido e asino a presente, de orde e co visto e praxe da sra. alcaldesa, en Teo na data da sinatura dixital que figura na marxe.

A secretaria xeral

Vº e Praxe

A alcaldesa

Virginia Fraga Díaz

Lucía Calvo de la Uz